

XXXI Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz - AGAPPAZ

Convivencia «Glocal»

21, 22, 23 de abril

Residencia de Tempo Libre Panxón / Centro de Educación Especial (CEE)
de Panxón, Concello de Nigrán

Máis de 65 millóns de persoas do mundo actual vense forzosamente desprazadas, sendo unha das principais causas, sen dúbida, a guerra. A maioría acaba en inmensos campamentos precarios, pois lonxe de seren recibidas “con brazos abertos”, veñen debruzándose contra muros e cercas de arame farpado, axentes armados e portas pechadas. E nada menos que un 30% deles son menores de idade.

Ante esta dura realidade, un gran desafío que afrontan as comunidades educativas é o de educar en profundidade sobre este estado inxusto das cousas. Dedicamos este XXXI Encontro precisamente a ese cometido, apoiándonos nuns procesos que o pedagogo crítico brasileiro Paulo Freire –tamén desprazado no seu día– denominaba *conscientização*. Consistirán en desenvolver pedagogías que fomentan no noso alumnado a súa capacidade de analizar criticamente a súa propia realidade local: a medida en que a convivencia cotiá no centro e nos barrios satisfaga os dereitos e necesidades máis básicas da comunidade; os tipos de conflitos que xorden e as súas posibles resolucións; a existencia ou non de orientacións e accións solidarias e sustentábeis; etc., para logo considerar os seus puntos en común con problemas semellantes ao nivel transversal ou global. Pero aínda quedaría un último chanzo neste proceso *glocal* de conscientización: a de actuar en consecuencia co aprendido. De aí a expresión “pensar globalmente, actuar localmente”. Isto podería ser encauzado a través da participación democrática do alumnado na formulación de accións e políticas de resposta na comunidade: campañas de sensibilización; programas de acollida; proxectos internacionais de irmandades entre escolas e cidades; ou a aprendizaxe-servizo; moitas das cales serán exploradas neste XXXI Encontro, na Residencia de Tempo Libre, á beira da preciosa Praia de Patos, en Panxón (Nigrán), Galiza.

VENRES 21 DE ABRIL	
16:30 h.	Recepción e recollida de material
17:00 h.	Benvida con xogos cooperativos Coordina: Belén Piñeiro Álvarez, Educadora Social – Nova Escola Galega (NEG)
18:00 h.	Apertura do XXXI Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz / AGAPPAZ:

	<p>-Representantes de Educadoras/es pola Paz / Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ) de Nova Escola Galega (NEG)</p> <p>-Representante do <i>Movimento de Educadores pela Paz</i> (MEP) de Portugal</p> <p>-Representante da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnado de Vigo e Comarca (FOANPAS)</p> <p>-Representantes de entidades colaboradoras:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Concello de Nigrán ● Deputación de Pontevedra ● Universidade da Coruña ● Universidade de Vigo
18:30 h.	<p>World Café: <i>Dinamizar o saber colectivo</i></p> <p>Coordinan: Carmen Díaz Simón, Orientadora xubilada, IES Lucus Augusti de Lugo / Branca Nazaré Guerreiro Muñoz, Inspectora de educación na Provincia de Lugo.</p> <p>Dinamiza: AGAPPAZ (NEG)</p>
20:00 a 21:00 h.	Cea / <i>Jantar</i>
21:30 h.	Punto de Encontro
SÁBADO 22 DE ABRIL	
9:00 a 9:45 h.	Almorzo / <i>Pequeno Almoço</i>
10:00 h.	<p>Relatorio:</p> <p><i>Ameazas á convivencia global: A xestión das migracións, das fronteiras globais á presenza local</i> – Antía Pérez Caramés / Belén Fernández Suárez, profesoras de Socioloxía da Universidade da Coruña.</p> <p>Presenta: Cathryn Teasley Severino, Profesora de Didáctica e Organización Escolar, Universidade da Coruña (UDC).</p>
11:30 a 12:00 h.	Pausa café
12:00 h.	<p>Presentación de experiencias e comunicacións en Educación para a Paz</p> <p>Modera: Noa Caamaño Sánchez, mestra – NEG</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Michomachismos de micro nada</i> – Presentación da publicación de <i>Fiadeiras</i> Grupo de Traballo en Igualdade do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) ● <i>A convivencia positiva : a mediación contada polo alumnado mediador</i> - Equipo do Programa de Convivencia Escolar do Instituto Educación Secundaria - IES Xulían Magariños de Negreira ● <i>Exodus: na procura de refuxio</i> – Exposición fotográfica elaborada polo fotoxornalista galego Felipe Carnotto ● <i>Sermos Galiza</i> – Presentación do xornal e do suplemento especial dedicado ao XXXI Encontro de Educadoras/es pola Paz / AGAPPAZ

	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>A transformación do centro específico de alumnado con problemas de conduta, como un centro de referencia alternativo – CEE de Panxón.</i>
14:00 a 15:00 h.	Xantar / <i>Almoço</i>
16:00 a 19:00 h.	<p>Obradoiros simultáneos (1 a eleixir) :</p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Aprender con crianzas que trans*forman a sociedade – Cristina Palacios Castro, Presidenta da Asociación ARELAS de Familias de Menores Trans* / Cathryn Teasley Severino, Profesora da UDC</i> ● <i>Música con cavaquiños portugueses – Amelia Machado Rúa, da Agrupación de Escolas de Montalegre e da Casa do professor de Chaves</i> ● <i>Danzas do mundo – Pilar Conde, Mestra de Danzas do mundo e directora da escola Danzalia Mundi de A Coruña</i> ● <i>Obradoiro de escrita creativa – Antonio García Teijeiro, mestre e poeta premio Merlín e Nardo Carpentente, mestre xubilado, coordinador da Gramática Insubordinada (Xerais)</i> ● <i>Lingua de Signos – AZ Lingua de Signos</i>
20:00 a 21:00 h.	Cea / <i>Jantar</i>
22:00 h.	Festa da Paz: <i>25 de abril, Sempre!</i>
DOMINGO 23 DE ABRIL	
9:00 a 9:45 h.	Almorzo / <i>Pequeno Almoço</i>
10:00	Commemoración de FOANPAS
10:15 h.	Asemblea: Avaliación do Encontro e posta en común das conclusións
12:15 h.	Paseo e largada da pomba / Foto da Paz Coordina: Bernardo Carpentente, Mestre xubilado de Vigo
14 h.	Clausura do Encontro e xantar / <i>almoço</i>

XXXI ENCONTRO GALEGO-PORTUGUES DE
EDUCADORAS E EDUCADORES POLA PAZ
CONVIVENCIA "GLOCAL"

21, 22 e 23 de abril
Residencia de Tempo Libre de Patos (Panxón-Nigrán)



www.neg.gal

Organizan



Colaboran

